

## **Movements migratorios COMUNICADO**

---

### **NO ANO 2004 GALICIA PRESENTA UN SALDO MIGRATORIO POSITIVO DE 15.052 MIGRACIONES**

**O saldo migratorio positivo de Galicia co estranxeiro compensa o déficit co resto do Estado e deixa a Galicia cun saldo migratorio de 15.052 entradas.**

No ano 2004, rexistráronse en Galicia, 57.312 cambios residencias dentro da mesma comunidade, 22.645 emigracións a fóra de Galicia e 37.697 inmigracións procedentes do resto de España e do estranxeiro. Como resultado destes fluxos migratorios Galicia amosa, para o ano 2004, un saldo negativo co resto de España de -1.877 migracións e un saldo positivo co estranxeiro de 16.929 migracións.

**As variacións residenciais entre concellos de Galicia prodúcense, na súa maior parte, dentro da mesma provincia**


As migracións internas recollen os cambios de residencia que teñen lugar entre os diferentes concellos de Galicia. No ano 2004, producíronse en Galicia 57.312 movementos internos dos que o 82% foron dentro da mesma provincia.

Por provincias, a porcentaxe de migracións dentro da mesma provincia varía moito dunhas a outras e así, en Lugo o 67,8% das saídas con orixe nesta provincia teñen como destino a mesma provincia mentres que no caso da Coruña esta porcentaxe é do 88,6%.

**Os concellos que rodean ás sete cidades galegas son os que teñen os saldos migratorios internos máis altos.**

O saldo migratorio interno para cada concello está constituído polo número de persoas que entran nese concello (procedentes doutro concello de Galicia) menos o número de persoas que saen (con destino tamén a outro concello de Galicia). Os concellos limítrofes das cidades galegas presentan, no ano 2004, saldos migratorios internos positivos o que podería vir motivado pola atracción que dende o punto de vista laboral presentan estas cidades, repercutindo máis notablemente nos concellos limítrofes que se converten no que se coñece como cidades dormitorio.

### Saldo migratorio interno por concellos. Ano 2004



Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales. Elaboración propia a partir dos ficheiros facilitados polo INE

### Galicia conta cun saldo negativo co resto de España

No ano 2004 o número de emigracións de Galicia ao resto de España foi superior ao número de inmigracións (20.208 saídas fronte a 18.331 entradas) polo que o saldo co resto do Estado se sitúa neste ano en -1.877 migracións.

No referente á orixe e ao destino dos fluxos, e de xeito similar ao ano 2003, as Illas Canarias, Madrid e Cataluña, nesta orde, son as comunidades autónomas que teñen maior peso nos fluxos migratorios tanto de entrada como de saída de Galicia no ano 2004, representando o 51,9% das emigracións e o 51,3% das inmigracións.


### Consólidase a tendencia dos últimos anos no aumento das inmigracións procedentes do estranxeiro

No ano 2004, Galicia rexistra 19.366 inmigracións procedentes do estranxeiro o que supón un incremento en termos absolutos de 2.313 inmigracións con respecto ao ano 2003.

Cabe sinalar, a alta porcentaxe de inmigracións de nacionalidade española nas inmigracións procedentes do estranxeiro (35%), sobre todo se a comparamos con España onde as inmigracións procedentes do estranxeiro de nacionalidade española só representan o 6% das inmigracións procedentes de fóra de España. No gráfico seguinte amósase a composición por sexo e idade das inmigracións procedentes do estranxeiro segundo a nacionalidade. Á vista do gráfico, en Galicia pódese falar de dous tipos de inmigracións procedentes do estranxeiro, unha

inmigración “de retorno” protagonizada por xente de nacionalidade española en idades avanzadas e outra inmigración, asociada ás oportunidades laborais, de nacionalidade estranxeira e xente nova.

#### Distribucións das inmigracións procedentes do estranxeiro por sexo e idade. Galicia. Ano 2004



---

Para máis información:

Movements migratorios. Ano 2004

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)